

DECRETO DE ALCALDIA

Vistas as Resolucións da Xefa territorial da Consellería de Emprego Economía e Industria da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL), ante a necesidade de proceder a contratación de persoal laboral temporal con cláusulas específicas de traballo e interese social, en uso das facultades contempladas na lexislación vixente e ante a necesidade de proceder á contratación de persoal laboral temporal de interese social, en uso das facultades contempladas na lexislación vixente, decreto:

Primeiro. Iniciar de oficio os procedementos administrativos tendentes á selección dos/as seguintes traballadores/as dous peóns forestais coas seguintes especificacións:

Modalidade contractual: Obra ou Servizo determinado de interese social.

Duración: 9 meses

Xornada: 100%

Obra/ Servizo subvencionado:

- - Medio Ambiente e Valoración Forestal do Concello de Rois

Segundo: Aprobación das bases que rexerán a selección do persoal e que figuran no ANEXOS I á presente Resolución.

Documento asinado electronicamente

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero

BASES PARA A CONTRATACIÓN, POR CONCURSO LIBRE, DE 2 PEONS FORESTAIS DENTRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2018

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMAS XERAIS

O obxecto desta convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de dous peons forestais para a na modalidade de contrato de interese social e duración determinada, durante un período de 9 meses

A xornada será de luns a venres cos descansos que establece a lei. As funcións a realizar por estes traballadores e traballadoras son a realización de obras e servizos mínimos previstos na nova redacción dada pola Lei 27/2013 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local ao artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Esta convocatoria está vinculada á concesión da subvención da Consellería de Economía e Industria para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

2. FINANCIAMENTO

Os custos salariais e de Seguridade Social será imputable ás partidas 241 131 21 e 241 160 00 do vixente orzamento do ano 2018.

As retribucións brutas mensuais ascenderán a 1.182,12€ brutos mes.

3. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será valoración de méritos e unha entrevista persoal.

4. PUBLICIDADE

Das presentes bases terán constancia nas oficinas do Servizo Público de Emprego que correspondan ao Concello de Rois. Igualmente publicaranse na páxina web (www.concelloderois.org) e facilitarase copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello. O resultado das probas, para os efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e localización/situación dos mesmos, levarase a cabo a través da páxina web.

5. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES

1. Requisitos dos aspirantes

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutro estado membro da Unión

Europea ou daqueles estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

b) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.

c) Ter cumprida a idade de dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Idéntico requisito esixírase aso nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, no seu caso.

e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) Os traballadores deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

g) Non poderán ser contratados en virtude desta orde os/as traballadores/as que por un período igual ou superior a 9 meses con cargo as axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito da colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas

2.- Selección dos aspirantes

Realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviado ao Concello de Rois, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina correspondente.

O día de presentación da documentación vira determinada na carta enviada polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación .

No suposto que no período de duración do contrato tivese lugar a baixa dalgún traballador, o Concello non procederá a iniciar un novo proceso de selección, senón que chamarase ao seguinte candidato que figurase mellor valorado na proposta do Tribunal de selección.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Rois e deberán realizarse seguindo os modelos que figuran como ANEXO I ás presentes bases e incluírá unha manifestación de que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

1. Documento nacional de identidade, ou resguardo do mesmo, ou documentación equivalente.
2. Declaración responsable de que cumpren on requisitos esixidos no apartado b) da

base 5 e de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e e) da mesma base.

3. Documentación acreditativa dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base 8
4. Carta de presentación remitida polo INEM para participar no proceso selectivo.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador será designado por Resolución da Alcaldía no momento de aprobación da lista provisional ou, no seu caso, definitiva de admitidos e excluídos

Os membros do tribunal, a excepción do secretario/a deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As persoas aspirantes poderán recusalo de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou dos/as que legalmente as substitúan.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio ,sobre indemnizacións por razón do servizo.

8. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A valoración das solicitudes presentadas realizarase do seguinte modo:

1. MÉRITOS:

A) Por pertencer a un dos colectivos que a continuación se detalla: máximo 2 puntos

- Mulleres: 1 punto, xustificarse mediante DNI
- Menores de 30 anos 1,5 puntos xustificarse mediante presentación do DNI.
- Persoas maiores de 45 anos: 1,5 punto xustificarse mediante presentación do DNI
- Parados e longa duración ata 1 punto xustificarse mediante informe do INEN no que conste o tempo de desemprego. Puntuarase 0,25 puntos por ano desempregado , contado a partir do primeiro ano de desemprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%, acreditación

documental certificado do grado de discapacidade, 1 punto.

- Persoas vítimas de violencia de xénero ,acreditado por sentenza xudicial firme.1 punto.

-Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. 1 punto. Xustificarase mediante informe de prestacións

-Persoas integrantes en colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia 1 (mediante informe dos Servizos Sociais dos concellos que xustifique este motivo)

-Persoas con cargas familiares: ata 1 punto , a razón de 0,25 puntos por cada unha das persoas que sexan carga familiar. Entendese por cargas familiares os seguintes: cónxuxe, fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, que carezan de ingresos propios para a satisfacción das súas necesidades. Para xustificar dita circunstancia achegarase mediante libro de familia, ou calquera outra documentación que xustifique dita circunstancia.

B) Experiencia profesional:

- Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características:0,10 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 2,5 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado en que consten as tarefas realizadas.

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Experiencia profesional" será de 2 ,5 puntos.

C) Formación:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas, ata un máximo de 1 punto.

- Cursos de máis de 100 h: 0,75 puntos

- Cursos de 50 a 100 h: 0,50 puntos

- Cursos de 16 a 49 h: 0,25 puntos

- Cursos ata 15 h: 0,10 puntos

- Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Formación" será de 1 punto.

A formación deberá acreditarse mediante fotocopia do título compulsada.

D) Carnet de conducir B1 (0,5 puntos). Fotocopia compulsada do carnet.

2. ENTREVISTA (MÁXIMO 4 PUNTOS)

Consistirá nunha entrevista persoal a cada solicitante na que se valorarán os coñecementos relacionados co posto de traballo ofertado (ata un máximo de 4 puntos)

9. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións totais obtidas na fase de concurso e da entrevista; en caso de empata, terase en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación acadada no apartado de experiencia profesional na fase de concurso, en segundo lugar a puntuación acadada no apartado de

formación na fase de concurso, e en terceiro lugar a puntuación acadada na entrevista. De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador do que se levantará a correspondente acta. A orde de clasificación determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ao servizo.

No caso de que o candidato seleccionado renuncie de maneira expresa, pasarase ao seguinte candidato segundo a orde de clasificación definitiva.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que praza convocadas.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará na páxina web do Concello o nome da persoa aspirante coa puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo o Tribunal elevará esta proposta, coa acta da sesión, á Alcaldía para proceder á formalización do contrato correspondentes a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación máis alta.

10. NORMATIVA APLICABLE

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o RD 781/1986, do 18 de abril; Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro); o RD 896/1991, de 7 de xuño e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ao servizo das Entidades Locais.

11. RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contaránse desde o día seguinte á publicación da resolución. Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se dítase e notificase a resolución, vostede pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS PEONS FORESTAIS

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

Tendo en coñecemento a convocatoria de selección para cubrir 2 postos de traballo de persoal laboral temporal para peón forestal no concello de Rois,

1. **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.
2. **DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.
3. **ACHEGO** (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- Declaración responsable de que cumpre o requisito esixido no apartado b) da base 5, así como de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e) f) e g) da mesma.
- Unha relación dos méritos que se aleguen seguindo a orde que se recolle na base 8.
- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración no concurso de acordo ao previsto na base 8.
- Tarxeta de demandante de emprego

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS

Secretario.

Diego Losada Romero